



nósd diario
XORNAL OFICIAL 41 MITCFC



AGADIC



TAQUILLA

XXIV XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN



41 MOSTRA INTERNACIONAL DE
TEATRO CÓSMICO E FESTIVO
DE CANGAS

DO 27/06/2024
AO 07/07/2024

www.mostrateatrocangas.gal

XXIV XORNADAS MULLERES EN ACCIÓN

SINTE O MOVEMENTO. OBRADOIRO ADICAM

MARTES, 25 XUÑO 2024 17:00 · SALA DE EXPOSICIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL

Imparten: Mark Torrecillas e María Move

Procedencia: Galicia

Tipo: Obradoiro de danza e body weather

Destinado a: Socias ADICAM

Duración: 180'

Mark Torrecillas (bailarín, aerealista e docente) e María Move (bailarina, música e osteópata), desenvolven a súa actividade común no campo da danza e as artes escénicas. Ambos son integrantes da Cía. SU.MA Circodanza e traballan en proxectos de docencia e acompañamento a través da música e o movemento.

4 PERFORMANCES DE MARÍA RUIDO

MÉRCORES, 26 XUÑO 2024 19:00 · CAPELA DO HOSPITAL

Autoría: María Ruido

Procedencia: Galicia

Tipo: Exposición

Duración: 26 Xuño-07 Xullo de 19:00 a 21:30

María Ruído é artista visual, realizadora, investigadora e docente. Actualmente vive en Madrid e Barcelona, onde é profesora no Departamento de Imaxe da Universidade de Barcelona. Desde 1998 vén desenvolvendo proxectos interdisciplinares sobre a construción social do corpo e a identidade, os imaxinarios do traballo no capitalismo postfordista, e sobre a construción da memoria e as súas relacións coas formas narrativas da historia.

PREMIO MULLERES EN ACCIÓN A MARÍA RUIDO

MÉRCORES, 26 XUÑO 2024 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

En recoñecemento ao seu excelente labor artístico, no que utiliza a arte cinematográfica dun xeito orixinal, inexplorado e cunha linguaxe propia. María Ruido constrúe unha contranarrativa feminista e de clase coa que enfronta, con lucidez e talento, a narrativa capitalista e patriarcal, promotora de estereotipos que buscan colonizar o noso corpo, o noso xeito de ser, a nosa propia identidade.

PROYECCIÓN “LAS REGLAS DEL JUEGO”

MÉRCORES, 26 XUÑO 2024 21:00 · AUDITORIO MUNICIPAL

Autoría: María Ruido

Procedencia: Galicia

Tipo: Proxección e encontro

Duración: 60'

“Las reglas del juego” é unha conversa-performance en plano secuencia entre a escritora e activista, Brigitte Vasallo, e a artista, filmmaker e investigadora, María Ruido, sobre desclasamento, violencia institucional e performatividade de clase.

SOBRE O EXTRAVÍO OU A ARTE DE PERDERSE

VENRES, 28 XUÑO 2024 20:00 · SALA DE EXPOSICIÓN AUDITORIO MUNICIPAL

Compañía: Furia Sotelo

Procedencia: Galicia

Dirección: Ana Vallés

Autoría: Ana Vallés

Destinado a: Público Adulto

Estrea: Estrea absoluta

Duración: 50'

Furia Sotelo é a transformación de Licenciada Sotelo dentro dunha lóxica mutación vital e artística. Licenciada Sotelo aparece en 2010 como contedor dos traballos promovidos por Nuria Sotelo, na procura dunha linguaxe escénica ecléctica e multidisciplinar, dirixida a todo o organismo do espectador. Co corpo e o movemento como centro e enriquecéndose de distintas disciplinas e colaboracións con artistas do ámbito da danza, música, artes visuais e do pensamento.

A ÚNICA, MARIA CASARÉS DE ANNE PLANTAGENET

SÁBADO, 29 XUÑO 2024 12:30 · LIBRARÍA WELLS

Presenta: Berta Ojea

Autoría: Anne Plantagenet

Tipo: Presentación libro

Duración: 60'

Anne Plantagenet (Joigny, Francia, 1972). Escritora e tradutora. Doutora e Máster en Literatura Comparada pola Universidade da Sorbona de París. Viviu en Londres e Sevilla. Actualmente reside en París. É autora de varios libros -entre eles, a biografía de Marilyn Monroe ou “Tres días en Orán” Ed. Siruela-. Traduciu ao francés a Irene Vallejo, Dolores Redondo, David Trueba, Almudena Grandes ou Juan Tallón. En 2022, no Centenario do nacemento da actriz, publícase en galego, “A única. María Casarès”.

Berta Ojea conta cunha longa carreira en cinema, series e teatro. Traballou en producións nacionais e internacionais con directores como Enrique Otero, Guillermo del Toro, Jorge Coira, Javier Fesser, Philippe Lle Guay, Benito Zambrano, Alex de la Iglesia, Miguel Bardem, Carlos Alberti Riccelli...